



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- CASA CONSISTORIAL, XOVES 30 DE MAIO DE 2019 -

No día de hoxe, ás 13:30 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

PRESIDE:

MARÍA JESÚS NOVO GÓMEZ

ASISTEN:

PP

LUÍS RICO VEREA

ELISARDO MONTERO CASTRO

Non adscrito

JOSÉ BALADO CASAL

AUSENCIAS:

SECRETARIO / INTERVENTOR:

JORGE BOADO FERNÁNDEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 25 de abril de 2019 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- CERTIFICADO DO SERVIZO DE DEPENDENCIA E AUTONOMÍA PERSOAL DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL SOBRE NÓMINA SAF MUNICIPAL.

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado do Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal da Consellería de Política Social, rexistro de entrada no concello co número 821 en data 02/05/2019, no que se envía o certificado das cantidades que se liquidarán ó Concello pola prestación do servizo de axuda no fogar (dependencia) do 1º trimestre de 2019:

Xaneiro: 10.505,32 €

Febreiro: 11.406,52 €

Marzo: 11.876,58 €

Total nómina neta 1º trimestre: 33.788,42 €



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Total devengado: 33.788,42 €

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.2.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA SUBVENCIÓN DE NATUREZA NON COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Administración Local de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, rexistro de entrada no concello co número 799 en data 29/04/2019, no que se notifica a concesión de subvención por importe de 6.770,87 para subministración de colectores de residuos (DOG núm. 248, do 31 de decembro).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.3.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA COMUNICANDO AMPLIACIÓN PRAZO INICIO CONTRATACIÓNS APROL RURAL

Polo secretario dáse conta da resolución recibida a través do sistema de notificación electrónica de Galicia (notifica.gal) da xefa territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, rexistro de entrada no concello co número 872 en data 08/05/2019, comunicando o acordo de ampliación do prazo de inicio de contratacións das persoas que resulten seleccionadas no programa (APROL RURAL) ata o día 24/05/2019.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.4.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL ACOMPAÑADO DE NOVO MODELO DE SOLICITUDE DE TRATAMENTO CONTRA O CANCRO DO CASTIÑEIRO

Polo secretario dáse conta do escrito recibido a través do sistema de notificación electrónica de Galicia (notifica.gal) do director xeral de Planificación e Ordenación Forestal, rexistro de entrada no concello co número 875 en data 08/05/2019, acompañado do novo modelo de solicitude de tratamento contra o cancro do castiñeiro (*Cryphonectria parasitica*), no que deberán realizarse todas as peticións de aplicación do inóculo, sinalando os datos que deben na solicitude.

As peticións de aplicación do inóculo, así como as achegas ou solicitudes de calquera aclaración, deberán dirixirse ao correo electrónico: sanidadeforestal.cmrn@xunta.es ou ao teléfono 981.54.60.51/881.99.72.10

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.5.- RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN PARA A MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL DO CENTRO DE PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DE BOIMORTO. NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO: E-628-C-2

Polo secretario dáse conta da resolución recibida a través do sistema de notificación electrónica de Galicia (notifica.gal) do subdirector xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais, rexistro de entrada no concello co número 874 en data 08/05/2019, comunicando que con data 26 de abril de 2019 a secretaria xeral técnica ditou a resolución de conceder autorización de modificación substancial do centro de servizos sociais PUNTO DE ATENCIÓN A INFANCIA DE



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

BOIMORTO situado na PRAZA DO CAMPO DA FEIRA, S/N consistente na ampliación das instalacións do PAI mediante a realización dunha nova aula para dispor de mais superficie de goce dos menores, dotando ao centro de 54,27 m². Esta nova aula fíxose aproveitando a estrutura auxiliar realizada para albergar unha sala de caldeiras para a edificación, ampliando a estrutura ata o cuarto pórtico estrutural do edificio. O centro presenta as seguintes características:

Área de actuación: Infancia

Tipoloxía: Punto de atención a infancia

Persoas usuarias: Nenos/as de 0 a 3 anos

Núm. Prazas/unidades: 1 unidade 0-3 con 20 prazas

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.6.- RESOLUCIÓN DE AGADER SOBRE A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO ABEIRO DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2019-2020

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática de Agader, rexistro de entrada no concello co número 945 en data 15/05/2019, na que resolve concederlle ao concello de Boimorto unha axuda por importe de 58.777,00 €, ao abeiro do Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020 para a execución do proxecto "Mellora e mantemento do camiño no lugar de Algalia-Cando", coa seguinte distribución por anualidades:

2019	2020
29.388,50 €	29.38,50 €

O orzamento presentado e aprobado desagregado por partidas é o seguinte:

Partida	Orz. Present. (S/IVE)	Orz. Present. (C/ IVE)	Orzamento aceptado	Observacións
Obra Civil	58.775,93 €	71.118,88 €	58.775,93 €	
Control de Calidade das Obras	559,64 €	677,16 €	559,64 €	
TOTAIS	59.335,57 €	71.796,04 €	59.335,57 €	

O prazo límite para executar e xustificar os investimentos correspondentes á anualidade 2019 será o 16 de setembro de 2019

O prazo final de xustificación será o 1 de xuño de 2020

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.7.- RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL, COMUNICANDO A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (SOCORRISTA)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, rexistro de entrada no concello co número 946 en data 15/05/2019, na que se resolve a concesión de subvención expediente TR351A 2019-000041-1 por importe de 3.000,00 euros, equivalente aos custos salariais totais de contratación de persoal para o servizo de socorrismo a tempo completo por un período de dous meses, nos seguintes termos:

Núm. contratos a subvenc.	Ocupación	Grupo cotización	Custo mensual subvencionado por contrato	Importe total subvención
1	Socorrista	8	1.576,37	3.000,00

A data límite para formalizar a/as contratación/s é o día 1 de xullo de 2019.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.8.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL POLO QUE SE COMUNICA A ASIGNACIÓN DO FINANCIAMENTO PARA A TRABALLADORA SOCIAL

Polo secretario dáse conta do escrito recibido a través do sistema de notificación electrónica de Galicia (notifica.gal) da Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Inclusión Social, rexistro de entrada neste concello co número 1045 en data 27/05/2019, no que se comunica que se lle asignou a este concello un financiamento para o concepto traballadora social pola contía de 16.815,00 €, tramitouse un anticipo pola contía correspondente ao 50% da cantidade total financiada en 2018 para este concepto, segundo os datos que se reflectan na seguinte táboa:

Corporación Local	Nº traballadores sociais	Financiamento básico asignado en 2018	Anticipo 2018 (50%)
Concello de Boimorto	1	16.815,00 €	8.407,50 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.9.- NOTIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DE DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA MELLORA DE INFRAESTRUTURAS "MELLORAS NO AFORRO ENERXÉTICO DO ALUMEADO PÚBLICO DA PARROQUIA DE SENDELLE"

Polo secretario dáse conta do escrito recibido a través do Sistema de Notificacións de Galicia, rexistro de entrada no concello co número 1041 en data 27/05/2019, da directora xeral de Administración Local de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, na que notifica a resolución de subvencionar aquelas entidades solicitantes que obtiveron unha puntuación igual ou superior a 31,96 puntos.

En consecuencia, ao non ter acadado tal puntuación, a súa solicitude de subvención enténdese desestimada, que sería o caso do Concello de Boimorto que solicitou subvención por importe de



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

32.000,00 €uros (80% sen IVE) para o proxecto “Melloras no aforro enerxético do alumeadado público da parroquia de Sendelle” cun orzamento de execución por contrata de 40.000,00 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.10.- NOTIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DE DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA “MELLORA PARQUE INFANTIL PRAZA DA GÁNDARA”

Polo secretario dáse conta do escrito recibido a través do Sistema de Notificacións de Galicia, rexistro de entrada no concello co número 1042 en data 27/05/2019, da directora xeral de Administración Local de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, na que notifica a resolución de subvencionar aquelas entidades solicitantes que obtiveron unha puntuación igual ou superior a 42,96 puntos.

En consecuencia, ao non ter acadado tal puntuación, a súa solicitude de subvención enténdese desestimada, que sería o caso do Concello de Boimorto que solicitou subvención por importe de 40.000,00 €uros para o proxecto “Mellora parque infantil Praza da Gándara” cun orzamento de execución por contrata de 48.400,00 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.11.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA COMPETENCIA E PROCEDIMENTO PARA AUTORIZAR PROBAS DEPORTIVAS

Polo secretario dáse conta do escrito que tivo entrada na oficina de intercambio co número de rexistro 201990000000192 en data 06/05/2019, da xefatura territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no que comunica ao concello a competencia e procedemento para autorizar probas deportivas a partir da entrada en vigor da Lei 10/2017.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.12.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE APROBA O ABOAMENTO DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE A PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS COMUNITARIOS MUNICIPAIS NO ANO 2019

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación da Coruña, rexistro de entrada no concello co número 819 en data 30/04/2019, na que se aproba o pagamento do 50,00% da subvención correspondente ao programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios para o exercicio 2019 (BOP 73, do 16/04/2019).

Importe que se ha xustificar: 64.084,35€

Importe do anticipo que se vai a aboar: 32.042,18€

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.13.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DO PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE Á CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE PERSOAL TÉCNICO DEPORTIVO DURANTE O EXERCICIO 2018

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada no concello co número 873 en data 08/05/2019, na que se notifica a resolución de aprobación da conta xustificativa e aboamento do segundo pago da



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

subvención concedida para o mantemento persoal técnico-deportivo ano 2018, por importe de 7.120,00 euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.14.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL POLO QUE SE COMUNICA A ASIGNACIÓN DO FINANCIAMENTO PARA A TRABALLADORA SOCIAL

Polo secretario dáse conta do escrito recibido a través do sistema de notificación electrónica de Galicia (notifica.gal) da Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Inclusión Social, rexistro de entrada neste concello co número 1045 en data 27/05/2019, no que se comunica que se lle asignou a este concello un financiamento para o concepto traballadora social pola contía de 16.815,00 €, tramitouse un anticipo pola contía correspondente ao 50% da cantidade total financiada en 2018 para este concepto, segundo os datos que se reflectan na seguinte táboa:

Corporación Local	Nº traballadores sociais	Financiamento básico asignado en 2018	Anticipo 2018 (50%)
Concello de Boimorto	1	16.815,00 €	8.407,50 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.15.- NOTIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DE DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA MELLORA DE INFRAESTRUTURAS “MELLORAS NO AFORRO ENERXÉTICO DO ALUMEADO PÚBLICO DA PARROQUIA DE SENDELLE”

Polo secretario dáse conta do escrito recibido a través do Sistema de Notificacións de Galicia, rexistro de entrada no concello co número 1041 en data 27/05/2019, da directora xeral de Administración Local de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, na que notifica a resolución de subvencionar aquelas entidades solicitantes que obtiveron unha puntuación igual ou superior a 31,96 puntos.

En consecuencia, ao non ter acadado tal puntuación, a súa solicitude de subvención enténdese desestimada, que sería o caso do Concello de Boimorto que solicitou subvención por importe de 32.000,00 euros (80% sen IVE) para o proxecto “Melloras no aforro enerxético do alumeado público da parroquia de Sendelle” cun orzamento de execución por contrata de 40.000,00 euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.16.- NOTIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DE DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA “MELLORA PARQUE INFANTIL PRAZA DA GÁNDARA”

Polo secretario dáse conta do escrito recibido a través do Sistema de Notificacións de Galicia, rexistro de entrada no concello co número 1042 en data 27/05/2019, da directora xeral de Administración Local de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, na que notifica a resolución de subvencionar aquelas entidades solicitantes que obtiveron unha puntuación igual ou superior a 42,96 puntos.

En consecuencia, ao non ter acadado tal puntuación, a súa solicitude de subvención enténdese desestimada, que sería o caso do Concello de Boimorto que solicitou subvención por importe de 40.000,00 euros para o proxecto “Mellora parque infantil Praza da Gándara” cun orzamento de



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

execución por contrata de 48.400,00 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

3.- SOLICITUDE DE LIMPEZA E DESBROCE DO CAMPO DE FÚTBOL DE ARCEO A INSTANCIA DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS XUVENIL E CULTURAL DE ARCEO

Polo secretario dáse conta do escrito presentado no rexistro telemático do concello o presidente da Asociación de veciños de Arceo, con rexistro de entrada número 2199000000139 en data 28/03/2019, no que expón que a parcela 362 do polígono 507 está cuberta de maleza, toxeias etc, SOLICITA:

<<Que dende o Concello se proceda a limpeza e desbroce do contorno da parcela, así como a adecuación do terreo propiamente afectado para a práctica do fútbol con céspede natural.>>

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e por unanimidade **ACORDAN:**

PRIMEIRO.- Comunicar ao interesado que se realizará a limpeza e desbroce antes do verán.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ao interesado.

4.- SOLICITUDE CUBRICIÓN PISTA DEPORTIVA DE ARCEO A INSTANCIA DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS XUVENIL E CULTURAL DE ARCEO

Visto o escrito presentado pola Asociación de Veciños Xuvenil e Cultural de Arceo en relación ao asunto indicado.

Visto que os membros da Xunta de Goberno local consideran que se trata dun asunto que require máis estudo e análise por votación de unanimidade **ACORDA:**

ÚNICO.- Deixar o asunto sobre a mesa para un maior estudo da actuación plantexada.

5.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS DA VIVENDA SITA EN ALGALICA Nº 8 (DORMEÁ)

Vista a solicitude indicada e considerando os membros da Xunta de Goberno Local a necesidade de que o servizos técnicos municipais estuden de forma detallada o asunto, por votación de unanimidade se **ACORDA:**

ÚNICO.- Deixar o asunto sobre a mesa para que os servizos técnicos emitan informe sobre as condicións en que se atopa a vivenda.

6.- SOLICITUDE DESESTIMENTO USO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL O DÍA 24 DE MAIO DE 2019

Visto o escrito presentado por Dna. Sandra Sánchez Iñiguez con rexistro de entrada número 1027 en data 23/05/2019, en relación co desestimento da autorización para o uso do polideportivo municipal o día 24/05/2019, solicitude de uso presentada por Dna. Ana Ledo Fernández e autorizada na Xunta de Goberno Local de data 25 de abril de 2019.

Vista a taxa aprobada na citada Xunta de Goberno Local por importe de 144,00 €uros correspondente ao uso do polideportivo nas datas 30/04/2019 e 24/05/2019

Visto que mediante escrito de data 30 de abril de 2019 (RE 811) foi presentada instancia de desestimento do uso do polideportivo municipal do día 30 de abril e que foi resolto mediante Decreto de 199/2019 anulando o dereito recoñecido pendente de cobro por importe de 90,00 €uros, restando 54,00 Euros pola autorización do día 24 de maio de 2019.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Visto o artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do desestamento presentado por Dna. Sandra Sánchez Iñiguez en relación coa solicitude de autorización do uso do polideportivo municipal para o día 24 de maio de 2019, solicitude de uso presentada por Dna. Ana Ledo Fernández.

SEGUNDO.- Entender por finalizado o procedemento e polo tanto anular o dereito recoñecido pendente de cobro por importe de 54,00 €uros.

TERCEIRO.- Notificar este decreto a Dna. Ana Ledo Fernández así como aos servizos contabeis aos efectos oportunos.

7.- SOLICITUDE DE PODOLOXÍA

Visto o informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto. Servizos Sociais

INFORME EMITIDO POR: María Esther Vidal Pandelo

DATA DO INFORME: 29/05/2019

DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vista a solicitude presentada en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexa beneficiario do servizo de podoloxía a seguinte persoa segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- ANA MARÍA RODRÍGUEZ RAMOS (R.E. 758 data 24/04/2019) -PODOLOXÍA -

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade.
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta de Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuaria do servizo de podoloxía a Ana María Rodríguez Ramos.

SEGUNDO.- Notificar ao beneficiario deste servizo que ten a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de abril, maio e xuño de 2019. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de podoloxía.

8.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA Pernoctar no Polideportivo o próximo 3 de Xullo aos alumnos do Colexio San José Jesuitas de Durango (Bizkaia)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Polo secretario dáse lectura ao escrito enviado por D. Jon Ander Davila Prieto, en calidade de coordinador do Colexio San José Jesuitas, con rexistro de entrada neste Concello co número 975 en data 20/05/2019, no que solicita permiso para pernoctar no polideportivo municipal con 40 peregrinos, con motivo dunha peregrinaxe a Santiago de Compostela o día 3 de xullo de 2019.

Visto o artigo 5 do Regulamento de funcionamento do servizo de aloxamento de peregrinos do Concello de Boimorto, publicado no BOP nº 98 en data 24/05/2013.

En aplicación do artigo 6 e) da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa pola utilización do polideportivo municipal, cota tributaria "pola pernoctación no polideportivo 3 € por usuario e noite sendo necesario o pago para obter entrada que autorice a estancia", a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar o uso do polideportivo municipal a D. Jon Ander Davila Prieto, en calidade de coordinador do Colexio San José Jesuitas, para pernoctar no polideportivo municipal con 40 persoas, con motivo dunha peregrinaxe a Santiago de Compostela o día 3 de xullo de 2019.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención municipal que ascende a cantidade de CENTO VINTE EUROS (120,00 €), que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais xa que sin este requisito esta autorización non producirá efecto.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado co réxime de recursos que pode interpoñer así como o número de conta para facer efectivo o pago.

9.- LICENZA PARA AUTORIZACION DO USO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA DE BOIMORTO O DÍA 9-06-2019

Neste intre, auséntase da sala de reunións da Xunta de Goberno Local, o concelleiro D. José Balado Casal por ter relación con este asunto.

Vista a solicitude presentada por D. José Balado Casal con DNI nº 76514858E en calidade de presidente da asociación de cazadores "Dobarro" de Boimorto, con domicilio en lugar Queis - Azanca nº 24, Santa Cruz de Montaos, Ordes, con rexistro de entrada número 938 en data 15/05/2019, na que solicita autorización para a utilización da casa de cultura o día 9/06/2019 de 10:30 a 13:00 horas para a celebración dunha reunión de cazadores.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar ao presidente da asociación de cazadores "Dobarro" de Boimorto, D. José Balado Casal, ó uso do salón de actos da casa de cultura para o día 9/06/2019 de 10:30 a 13:00 horas.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo a interesado co réxime de recursos que pode interpoñer contra o mesmo.

Deseguido, incorpórase á Xunta de Goberno Local, o concelleiro D. José Balado Casal

10.- COMUNICACIÓN PREVIA OBRA MENORES SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN NOGAREDO (BRATES)

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 26 de xuño de 2018 (RE 1527) coas seguintes características:

Solicitante:	D. José Antonio Fernández Amaro, en representación de
--------------	---



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

	Unión Fenosa Distribución, S.A.
Domicilio de notificación:	Avenida de Arteixo, 171 – A Coruña
Actuación solicitada:	Subministro de enerxía de 5,75 kW monofásico para uso terciario á parcela con referencia catastral 15010A502301440000JD. Esta sociedade proxectou pasar apoio de formigón de suspensión a marre e unha rede de baixa tensión subterránea de 71 metros de canalización
Nome do técnico redactor da memoria:	D. Pablo López Alonso, enxeñeiro técnico industrial, colexiado COETICOR nº 3802
Ubicación da obra:	Lg. Nogaredo - Brates
Referencia catastral:	15010A502301440000JD
Orzamento de execución:	6.068,89 €uros.
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo.
Autorizacións sectoriais:	Non é necesario.
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 21 de decembro de 2018)

Vistos os acordos adoptados nas sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local de data 26/07/2018 e 27/12/2018.

Visto o punto 14 da licenza de outorgamento incluído na orde do día desta sesión, e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146. da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.- Presuposto de execución material da obra: 6.068,89 €uros

Liquidación 2%: 121,38 €uros.

CUARTO.- Comunicar que debe depositar unha fianza por importe de 300,00 €uros con



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

anterioridade á data prevista de realización da obra para garantir os posibles danos que se produzan no cruzamento do viario municipal e ademais a reposición do viario realizarase cos mesmos materiais que presenta na actualidade.

QUINTO.- Notificar o presente acordo a D. José Antonio Fernández Amaro indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

11.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE CUBERTA DA VIVENDA SITA NO LUGAR DE VILAVERDE Nº 9 (ARCEO)

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 6 de maio de 2019 (RE núm. 862) coas seguintes características:

Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	José Luís Fernández Barreiro
DNI:	33213100L
Domicilio:	Lg. Vilaverde n.º 9 – Arceo – 15818 Boimorto

Datos de obra:

Obxecto:	Substitución da tella existente na cuberta da vivenda por outra nova (110 m ²) así como a colocación de canlóns de aluminio de cor tella natural (22,20 m)
Situación:	Lg. Vilaverde n.º 9 (Arceo)
Referencias catastrais:	15010A507010240001KB
Orzamento de execución:	3.980,00 €uros
Calificación urbanística:	Solo rústico de protección agropecuaria
Autorización sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 22 de maio de 2019.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ella, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.- Presuposto de execución material da obra, segundo informe técnico: 4.310,29 €uros



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Liquidación 2%: 86,21 €uros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. José Luís Fernández Bareiro indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

12.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES REPARACIÓN DE CUBERTA E PINTADO DE FACHADAS DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN FONTAO N.º 5 (BRATES)

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 2 de maio de 2019 (RE núm. 827) coas seguintes características:

Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	Modesto Germán Lino Eliseo Sánchez Mariñas
DNI:	76475230T
Domicilio:	Lg. Fontao n.º 5 – Brates - Boimorto

Datos de obra:

Obxecto:	Desmontaxe e retirada da tella curva do país. Sobre a estrutura existente colocárase tella cerámica curva e prancha de fibrocemento. Canalón e baixantes de aluminio en cor cobre de sección circular Pintado de fachadas con pintura plástica.
Nome do técnico redactor da memoria:	D. Gonzalo Navaza Mosteiro, arquitecto técnico, colexiado n.º 891
Situación:	Lg. Nogaredo n.º 5 - Brates
Referencias catastrais:	15010A502001120001KQ
Orzamento de execución:	12.151,74 €uros
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de núcleo orixinario disperso
Autorización sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 10 de maio de 2019.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

solo suxeitos a ella, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.- Presupuesto de execución material da obra: 12.151,74 €uros

Liquidación 2%: 243,03 €uros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Modesto Germán Lino Eliseo Sánchez Mariñas indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

13.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES SUBSTITUCIÓN DE CARPINTERÍA EXTERIOR EN VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NO LUGAR DE CASAL Nº 4 (BRATES)

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 2 de maio de 2019 (RE núm. 820) coas seguintes características:

Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	María Vázquez Souto
DNI:	76474613G
Domicilio:	Lg. Casal nº 4 – Brates – 15817 Boimorto

Datos de obra:

Obxecto:	Substitución de 8 ventás existentes de aluminio de cor verde, corredeiras e de acristalamento sinxelo, por outras tamén de aluminio de cor verde, oscilobatientes e con acristalamento dobre e con persianas enrollables de aluminio en cor verde tamén
Situación:	Lg. Casal nº 4 - Brates
Técnico redactor da memoria:	D. Gonzalo Navaza Mosteiro, arquitecto técnico
Referencia catastral:	15010A502000490001KL
Orzamento de execución:	6.167,00 €uros
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso
Autorización sectoriais:	Non é necesario
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 22 de maio de 2019.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ella, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.- Presuposto de execución material da obra: 6.167,00 €uros

Liquidación 2%: 123,34 €uros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. María Vázquez Souto indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

14.- LICENZA DE EDIFICACIÓN PARA CONSTRUCCIÓN DUN GALPÓN NO NÚCLEO RURAL DE NOGAREDO, PARROQUIA DE BRATES

Visto o expediente de solicitude urbanística de obra (OB-001), tramitado a instancia de D. Alberto Veiras Mejuto con DNI 53162721S, con domicilio a efectos de notificacións en Rúa San Marcos 8, Baixo A, 15318 Abegondo (A Coruña) actuando en representación de Dna. María Isabel Aguión Andrade, en virtude da instancia con rexistro de entrada no concello na oficina telemática co número 201899900000016 en data 01/06/2018 para realizar as obras de construción dun galpón no lugar de Nogaredo, parroquia de Brates (Referencia catastral: 15010A502301440000JD) consonte ao proxecto técnico achegado coa solicitude, redactado polo enxeñeiro agrónomo D. Alberto Veiras Mejuto, colexiado G7541. A parcela está clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo. Dita parcela é resultado dunha segregación que conta con licenza (LO23/2013) concedida pola Xunta de Goberno Local en data 27/06/2013, e presenta unha superficie neta de 1.033 m², descontada a cesión para regularización do viario (40 m²), que se realizou no mesmo expediente.

Visto que con data 11/06/2018, os servizos técnicos municipais emitiron informe sinalando unha serie de observacións.

Visto que con data 21/06/2018, número de rexistro de entrada 201899900000018 D. Alberto Veiras Mejuto en representación de Dna. María Isabel Aguión Andrade, presenta documentación complementaria, en contestación ao informe dos servizos técnicos municipais.

Visto que con data 29/06/2018 os servizos técnicos municipais emitiron informe favorable asinado por D. Manuel Carro López en base a documentación achegada ao expediente.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 26 de xullo de 2019 no que se acorda deixar o asunto sobre a mesa ao non constar o informe xurídico e a necesidade de aclarar de se o fin é un galpón ou outro tipo de edificación ao existir unha comunicación previa de subministro de enerxía eléctrica.

Vista a solicitude de licenza de obras de **proxecto modificado de construción de un galpón** no lugar de Nogaredo, parroquia de Brates, achegando proxecto redactado polo enxeñeiro agrónomo D. Alberto Veiras Mejuto, colexiado G7541, con rexistro de entrada número 201899900000046 en data 22 de novembro de 2018 e documentación complementaria con rexistro de entrada número 201899900000048 en data 26 de novembro de 2018. O proxecto ven modificar o presentado nlo concello o 1/06/2018 número de rexistro 201899900000016 con intención de incorporar a instalación eléctrica ao galpón. O resto das obras son as mesmas recollidas no proxecto orixinal.

Visto o informe técnico favorable de outorgamento de licenza dos servizos técnicos municipais asinado por D. Manuel Carro López emitido en data 10 de decembro de 2018.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 27 de decembro de 2018 no que se acorda requerir ao solicitante unha motivación aclaración e/ou cambio no proxecto para esta edificación galpón para uso agropecuario e a súa relación e necesidade para o uso agrario que declara, motivando especialmente a necesidade de utilizar no galpón "3 ventás correderas de dobre folla ventás correderas".

Visto o escrito presentado por D. Alberto Veiras Mejuto en representación de Dna. María Isabel



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Aguión Andrade con data 04/04/2019 con rexistro de entrada número 201999900000038 en contestación ao requerimento acordado na Xunta de Goberno Local de 27 de decembro de 2018. Visto o informe de Secretaría municipal de data 29/05/2019.

A Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de edificación a D. Alberto Veiras Mejuto en representación de Dna. María Isabel Aguión Andrade para executar as obras de construción dun galpón no lugar de Nogaredo, parroquia de Brates (solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo), conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- Outórgase a licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

- As obras a realizar consisten en:

- Construción dun galpón de 69,56 m2 cunhas dimensións de 9,40 x 7,40 m, e unha altura de 3,70 m, para destinalo a uso agropecuario. Os cerramentos serán a base de bloque de formigón tipo rústico e a cuberta a dúas augas formada por placas de fibrocemento e tella, apoiada sobre vigas de formigón pretensadas e muro portante.

- De conformidade co disposto no artigo 357.6 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente e tamén serán aplicables os artigos 47, 48, 49, 50 e 51 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014.

- En relación a vixencia, caducidade, extinción da licenza e inicio das obras serán aplicables os artigos 42, 43, 44 e 46 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014 así como o artigo 145 da Lei 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 359 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe do técnico: 11.719,47 €uros.

Liquidación: 234,39 €uros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Alberto Veiga Mejuto indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

15.- LICENZA DE SEGREGACIÓN CON AGRUPACIÓN SIMULTÁNEA DAS PARCELAS 234-S E 234-B DA ZAONA DE CONTRACIÓN PARCELARIA DE BRATES

Visto o expediente que se tramita a instancia de D. Eduardo Ignacio Aguión Sandá, en representación de D. Carlos Lagares Ponte e D. José Ponte Carneiro mediante escrito de data 6/05/2019 (Rexistro de entrada nº 861), no que solicita licenza de segregación con agregación simultánea das parcelas 234-S e 234-B da zona de concentración parcelaria de Brates-Boimorto.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Consta `proxecto de segregación con agrupación redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Eduardo Ignacio Aguión Sandá, colexiado nº 977, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña e Pontevedra co número CO-20190278.

No PXOM a parcela 234-S está clasificada como solo de núcleo rural e solo rústico de protección de augas, mentres que a 234-B está clasificada como solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección de augas.

Consta no expediente informe do Organismo de Augas de Galicia de data 20/03/2019 (Registro de entrada nº 512) no que se indica "que os traballos de segregación-agrupación non son obxecto de ningunha autorización prevista na normativa de augas continentais (Real Decreto Lexislativo 1/2001, 20 20 de xullo e regulamentos que o desenvolven)" e informe favorable da xefatura territorial da Consellería de Medio Rural de 27/08/2019

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza de segregación dos servizos técnicos municipais asinado por D. Manuel Carro López en data 14/05/2019 e fundamentado o informe nos artigos 149 e 150 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia.

Visto o informe de secretaría que consta no expediente de data 29/05/2019.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder licenza a D. Carlos Lagares Ponte e D. José Ponte Carneiro, para a segregación e agrupación simultánea das referidas parcelas, de acordo coa documentación técnica presentada, quedando as parcelas resultantes despois da segregación-agrupación da seguinte maneira:

Finca 234-B		
Solo rústico de protección agropecuaria e de augas		
Condicións	LSG	Proxecto
Parcela mínima	2.000 m ²	30.602 m ²
Ocupación máxima	20/60 %	-
Recuamentos a lindeiros	5,0 m.	-

Observacións: A finca está dividida en dúas porcións por un regato e está gravada con dúas servidumes de acueduto soterrado que teñen por obxecto o abastecemento de auga aos veciños de Nogaredo cuxas vivendas son os predios dominantes da servidume.

Finca 234-S, 8.576 m2		
Solo de núcleo rural, expansión de núcleo		
Condicións	PXOM	Proxecto
Parcela mínima	1.000 m ²	2.640 m ²
Fronte mínimo a vía pública	8 m.	> 8 m.
Edificabilidade máxima	30 %	5,6 %
Ocupación máxima	30 %	5,6 %
Recuamentos a lindeiros	3,0 m.	> 3 m

Solo rústico de protección agropecuaria e de augas		
Condicións	LSG	Proxecto



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Parcela mínima	2.000 m ²	5.936 m ²
Ocupación máxima	20/60 €	-
Recuamentos a lindeiros	5,0 m.	-

Observacións: A finca está gravada con dúas servidumes de acueduto soterrado que teñen por obxecto o abastecemento de agua aos veciños de Nogaredo cuxas vivendas son os predios dominantes de servidume. Ademais nela existe unha vivenda unifamiliar composta de planta baixa de 131,35 m² de superficie construída e unha planta primeira de 148,29 m² de superficie construída.

SEGUNDO.- Someter a licenza de segregación-agrupación ás seguintes condicións:

- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Conforme ao informe técnico na parcela clasificada como solo de núcleo rural, a cesión non é precisa, xa que o límite da parcela sitúase a 5 metros do eixo das vías a que da fronte, coincidindo coa distancia esixida no artigo 43.3 da normativa do PXOM.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados aos efectos oportunos indicando o réxime de recursos.

16.- LIQUIDACIÓN CONVENIO CONCELLO DE ARZÚA

Vista as lecturas dos contadores nº 07SE117226 = 9.789 (menos 9.086 da lectura do trimestre anterior = 703) e nº 075E117232 = 2.670 (menos 2.573 do trimestre anterior = 97) Total: 800 m³, realizada polo encargado de recollida de lixo-tratorista deste Concello D. Jorge García Costoya, en aplicación do disposto no convenio asinado en Arzúa "Convenio de cooperación entre o Concello de Arzúa e o Concello de Boimorto" en data 23 de maio de 2008, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

